

ACTA 2ª DE TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ANORMALMENTE BAIAS E CLASIFICACIÓN DAS EMPRESAS ADMITIDAS NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS: **AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO NA ALDEA DE PEDROUZOS.**

Asistentes:

Presidente: Pablo Lago Sanmartín, alcalde.

Vogais:

- . Javier Nieves González, secretario.
- . Ana Isabel Candame Areosa, interventora, de xeito telemático.
- . Mª Dolores Torrado Ares, técnica de administración local.

Secretario: Julio Mallo Nieto, informático municipal.

En Brión a 16 de abril de 2024, sendo as 11,16 horas procédese na Casa do Concello, ao exame da xustificación das baixas temerarias ou desproporcionadas presentadas polas empresas a través do perfil de contratante do Concello que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público e que foron requiridas por acordo da Mesa de Contratación en sesión de data 02.04.2024, e cuxa acta foi publicada nesa Plataforma con data 02.04.2024, para que no prazo de cinco días hábiles a contar desde o día seguinte ao do envío da correspondente comunicación, presentasen a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 da cláusula 15 do PCAP.

Visto o informe técnico da arquitecta municipal de data 11.04.2024, solicitado pola Mesa de Contratación, que transcrito di:

“ ASUNTO: INFORME TÉCNICO RELATIVO A XUSTIFICACIÓN DE BAIXA TEMERARIA.

OBRA: AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO NA ALDEA DE PEDROUZOS.

MÓNICA ARIAS CARRIBA, arquitecta do Concello de Brión, a petición do órgano de contratación, e en relación coa baixa ofertada no expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras: “Ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos”, cun orzamento de contrata de 540.346,08 euros (ive/incluído), emite o seguinte INFORME:

1.- O 02 de abril de 2024 a Mesa de Contratación procedeu á apertura das proposicións achegadas relativas a devandita obra.

2.- Ás empresas “NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.” e “ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS S.L.U.” atópanse incursas en ofertas anormalmente baixas, polo que a Mesa de Contratación, en aplicación do disposto na cláusula 15.4.2 do PCAP, solicítalle que xustifiquen a súa oferta.

3.- A empresa “NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.”, achega a seguinte documentación no prazo sinalado ós efectos:

- Xustificación de prezos unitarios ofertados dos seguintes materiais, sen referencia concreta á obra e sen carta de compromiso das empresas subministradoras:

Panel fachada de 60mm Pur Bs2 D0 ext 0,6 mm e int 0,5 mm de color estándar.

Panel fachada de 80mm Pur Bs2 D0 ext 0,6 mm e int 0,5 mm de color estándar.

Panel cuberta 3 grct de 60mm ext e int 0,5mm de color estándar.

Estrutura de formigón, Conxunto de vainas cimentación e Cerramento.

Pero NON achega o seguinte:

- Prezos descompostos cos novos prezos unitarios ofertados.
- Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.
- Relación detallada da maquinaria dispoñible.
- Relación das obras que ten actualmente contratadas e en execución.
- Relación nominal dos traballadores con respecto a súas bases de cotización.
- Declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación.
- Declaración do cumprimento das obrigas salariais cos traballadores.
- Relación de subcontratos programados.

4.- A empresa “ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS S.L.U.” non achega documentación no prazo sinalado ós efectos.

CONCLUSIÓN:

Unha vez examinada a documentación presentada, a conclusión dende o punto de vista técnico é a seguinte:

- Que empresa “ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS S.L.U.”, NON achega documentación no prazo sinalado ós efectos.
- Que a documentación achegada pola empresa “NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.”, NON XUSTIFICA a posibilidade de realizar a obra coa baixa proposta na súa oferta económica, tanto desde o punto de vista económico como material.

O que informo ó meu saber e salvo mellor criterio aos efectos oportunos. ””

A vista do informe sinalado a Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas: NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. e ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS S.L.U., por non xustificar adecuadamente as súas ofertas, incursas en baixa temeraria ou desproporcionada.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 150 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, procede a elaborar proposta de clasificación dos licitadores por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

1. CRECHE CONCEPT INVEST S.L., que oferta un prezo de: 532.400,00 euros, IVE incluído. Puntos: 6,86.
2. SOTEGA NOROESTE S.L., que oferta un prezo de: 533.816,93 euros, IVE incluído. Puntos: 5,65.
3. CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L., que oferta un prezo de: 534.154,49 euros, IVE incluído. Puntos: 5,37.
4. BADOSPORT Y CONTRATAS S.L., que oferta un prezo de: 539.660,00 euros, IVE incluído. Puntos: 0,61.

A vista dos feitos e tendo en conta o establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares, a Mesa de Contratación por unanimidade acorda:

1º) Trasladar ao órgano de contratación a proposta de exclusión das seguintes empresas: NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. e ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS S.L.U., por non xustificar a súa oferta considerada como anormalmente baixa.

2º) Propoñer ao órgano de contratación a clasificación dos licitadores por orde decrecente de puntuación, co seguinte resultado:

1. CRECHE CONCEPT INVEST S.L., que oferta un prezo de: 532.400,00 euros, IVE incluído. Puntos: 6,86.

2. SOTEGA NOROESTE S.L., que oferta un prezo de: 533.816,93 euros, IVE incluído. Puntos: 5,65.

3. CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L., que oferta un prezo de: 534.154,49 euros, IVE incluído. Puntos: 5,37.

4. BADOSPORT Y CONTRATAS S.L., que oferta un prezo de: 539.660,00 euros, IVE incluído. Puntos: 0,61.

3º) Propoñer ao órgano de contratación que formule requirimento de documentación á empresa clasificada en primeiro lugar CRECHE CONCEPT INVEST S.L., coas seguintes características, así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adjudicataria: CRECHE CONCEPT INVEST S.L. Oferta: 532.400,00 euros, IVE incluído.

Remata o acto sendo as 11,30 horas.

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretario, certifico.